


PESCA SAÚDE



LIÑAS DE ACTUACIÓN:

Liñas de actuación:

- Obxectivo: Promover e Incrementar o consumo de peixe nos nosos territorios destacando a potencialidade do seu consumo na nosa saúde.

Liñas de actuación:

- Destacar as cualidades organolépticas do peixe nos nosos territorios, e a importancia de introducilo na dieta como garante de saúde.
- Promocionar o consumo de peixe nos establecementos de restauración.
- Promocionar o consumo de peixe nos distintos mercados de abastos do territorio.

ACCIÓN:

Liña de actuación 1:

- Organización de obradoiros de batchcooking en cada localidade do GALP participante para aprender a organizar e preparar a comida da semana e conseguir unha nutrición equilibrada e saudable baseada no produto pesqueiro. Nesta acción contaríase con dietistas e nutricionistas de renome para poder atraer ao público, e con cociñeiros do territorio para a demostración dos menús. Estas xornadas tratarían de dirixirse ás asociacións de amas de casa principalmente e poderían dar lugar á elaboración dun calendario cos distintos menús.
- Organización dunha xornada en cada un dos galp participantes, divididas por áreas de saúde a cargo de distintos profesionais sanitarios que expuxesen os beneficios do consumo de peixe nesa especialidade, exemplo Galp1: Cardioloxía, Galp2: Reumatoloxía, Galp3: Dixestivos.....Estas xornadas serían abertas ao público en xeral ou dirixirse aos médicos de familia dos distintos centros de saúde.

ACCIÓNNS:

Liña de actuación 1:

- Dotación de soportes promocionais co lema Pesca Saúde ou outro en todos os centros de saúde do territorio.
- Acondicionamento dunha food track coa promoción do proxecto que estacionase durante unha mañá en cada un dos centros de saúde do territorio, ofertando degustación de produto, e vales de compra nas peixerías dos distintos mercados.

ACCIÓN:

Liña de actuación 3: Mercados

- Dotación de soportes promocionais chamativos e visibles en todos os mercados atraendo ao consumo de peixe.
- Elaboración dun vídeo divulgativo coas peixeiras de cada mercado onde presenten o seu produto.
- Actividade formativa en técnicas de presentación do posto e corte de peixe.
- Dotación dun modelo de envase para a venda de peixe e entrega de x unidades a cada posto.
- Realización dun showcooking en cada mercado a cargo dun cociñeiro de renome, no showcooking eleboraranse distintas receitas cun produto de cada un dos postos de mercado, de xeito que o cociñeiro poderá interactuar coas distintas peixeiras.
- Realización dun sorteo por acumulación de vales de compra en peixe, colocarse unha urna en cada mercado onde aquelas persoas que acumulen 100 euros en compra de peixe durante un mes poderán participar nun sorteo dunha fin de semana nun spa ou balneario.
- Ven a coñecer os nosos mercados: Viaxes organizadas entre os distintos grupos cunha visita guiada aos mercados de cada territorio propostos polo grupo.

ACCIÓN:

Liña de actuación 2: Restauración

- Proponse a realización da campaña Come o Mar, xa coñecida polo público e polos establecementos de restauración.

CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN DO PROXECTO:

- O éxito da campaña de comunicación basearase no atractivo dos distintos soportes promocionais.
- En todas as accións a realizar, procuraranse profesionais de renome e que teñan tirón entre os distintos públicos, a modo de exemplo dietistas como Sandra Muniño poderían ser un bo exemplo.
- Realización de Merchandaising dende os envases retornables a delantais para cada peixería co nome do posto e do mercado.
- Xornada final de presentación de resultados onde se tratará de cuantificar o incremento de vendas en peixe durante a realización do proxecto, non se prevé xornada inicial de presentación xa que a cada unha das accións a realizar daráselle unha importante cobertura en medios e redes sociais.